



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS PROVISIONAIS DE PERSOAS APTAS E NON APTAS PARA AS PROBAS DO CELGA 1

Nº expediente: PL500C

De acordo co previsto no apartado décimo da Resolución do 28 de febreiro de 2023, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega no ano 2023 (DOG núm. 45 do 6 de marzo de 2023),

RESOLVO:

Publicar na web **www.lingua.gal** os resultados provisionais das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 1 (Celga 1).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no apartado 11.2 da devandita Resolución, as persoas interesadas, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou á conta de correo electrónico [sxpl.probascelga@xunta.gal](mailto:sxpl.probascelga@xunta.gal), poderán solicitar, no prazo de dez días, a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución que corresponda e comunicarlles os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Os resultados definitivos das probas publicaranse na web **www.lingua.gal**, no prazo máximo de catro meses desde a súa realización.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data indicada á marxe.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

